**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 16 de xaneiro de 2015**

**ASISTENTES:**
**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
Dª Mª Jesús Lago Rey
Dª. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
Dª. Mª Isaura Abelairas Rodríguez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitados:**
D. David Regades Fernández

**NON ASISTEN:**

Dª Mª Carmen Silva Rego
D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezaseis de xaneiro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(25).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 12.12.14, a extraordinaria e urxente do 15.12.14, extraordinaria e urxente do 17.12.14, extraordinaria e urxente do 18.12.14, ordinaria e extraordinaria e urxente do 19.12.14, extraordinaria e urxente do 22.12.14, extraordinaria e urxente do 23.12.14, ordinaria e extraordinaria e urxente do 26.12.14 e extraordinarias e urxentes (2) do 30.12.14. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(26).- DAR CONTA DE SENTENZAS, AUTOS E DECRETOS.**
Dáse conta dos seguintes Sentenzas e Autos remitidos por Asesoría Xurídica:

a) Expte. Nº 8058-111. Sentenza do Xulgado Social nº 4 de Vigo no Procedemento Ordinario 462/2013. Demandante: D. CARMELO MANUEL MORALES PÉREZ. Obxecto: Recoñecemento de relación laboral indefinida do Concello e retribucións como enxeñeiro municipal dende o 1-8-2007. CD 26 e CE 11 (RP 23959/220). Cesión ilegar e vulneración de dereitos fundamentais. Desestimado o recurso.

b) Expte. 7783-111. 2ª INSTANCIA. Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 2ª. Rec. Apelación nº 4340/2014, interposto por D. ASER GÓMEZ SESTELO contra Sentenza desestimatoria do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. RC-A nº 8/2013 (Obxecto: Desestimación presunta do escrito. Solicitude de posta a disposición de vehículo retirado da vía pública). Estimada parcialmente a apelación.

c) Expte. nº 8490-111.Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 299/13 P.O. Demandante: CONCELLO DE O PORRIÑO. Obxecto: Resolución do 1 de xullo e 2 setembro. Liquidación por subministración de auga en alta maio/xuño e xullo/agosto 2013. Desestimado o recurso.

d) Expte. nº 8057-111. Sentenza do X. Social nº 3 de Vigo. Procedemento 832/2012 (recoñecemento de categoría profesional). Demandante: D. JOSÉ E. MATILDE VIÑAS. Estimada a demanda.

> 2º. Instancia. Sentenza do TSXG no rec. Suplicación nº 4299/2013, interposto polo CONCELLO DE VIGO contra a denvantida sentenza. Desestimado o recurso.

e) Expte. nº 7388-111. 2ª Instancia. Auto da A.P. PONTEVEDRA, Sección 6ª, Apelación nº 488/2013, interposta por OBRAS Y CONSTRUCIONES ALEN contra Sentenza desestimatoria do Xulgado 1ª Instancia n º 9 de Vigo (Obxecto: Recadación executiva. Expedientes de contrinximento e reclamacións.) O Auto acorda absterse de coñecer o procedemento por lle corresponder á orde xurisdicional contencioso-administrativa.

f) Expte. nº 8585-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 93/2014 P.O. Demandante: MODERMUSIC T.V, S.L. Obxecto: Resolución do 9.1.2014. RP-A (danos e perdas por cancelación contrato concerto James Blunt). Desestimado o recurso.

g) Expte. nº 8787-111. Auto do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 284/2014 P.A. Demandante: FÉNIX DIRECTO. Obxecto: Desestimación presunta. RP-A. Expte.: 4202/243. Declara rematado o procedemento (acordo entre actora e codemandada).

h) Expte. nº 8496-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 47/2014 P.O. Demandante: D. FRANCISCO LEIS PORTELA.

Obxecto: Desestimación presunta da reposición contra resolución do 27.6.2013. RP-A, caída na vía pública. Desestimado o recurso.

i) Expte. nº 8746-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 237/2014 P.A. Demandante: CONTENUR, S.L. Obxecto: Resolución do 2.5.2014 (confirmatoria en reposición). RP-A (danos en vehículo, colector RSU).Desestimado o recurso.

k) Expte. Nº 8503-111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 58/14 P.O. Demandante: CONCELLO DE O PORRIÑO. Obxecto: Resolución do 4.11.2013. Liquidacións por subministración de auga en alta set/out e nov/dec 2013. Desestimado o recurso.

l) Expte. Nº 8793-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A D.F. nº 276/2014 // nº 278/14 // 279/14. Demandante: D. XOÁN VÁZQUEZ CAO // Dª Mª ISABEL DOURADO VEIGA // D. JUAN CARLOS GONZÁLEZ FORTES. Obxecto: XGL 23.5.2014. Bases convocatoria policías municipais (límite de idade máxima). Inadmisibles os recursos por extemporaneidade.

m) Expte. Nº 8804-111. Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A D.F. nº 276/2014 // nº 278/14 // 279/14. Demandante: D. XOÁN VÁZQUEZ CAO // Dª Mª ISABEL DOURADO VEIGA // D. JUAN CARLOS GONZÁLEZ FORTES. Obxecto: XGL 23.5.2014.Bases convocatoria policías municipais (límite de idade máxima).Inadmisibles os recursos por extemporaneidade.

n) Expte. Nº 8805-111. Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A D.F. nº 276/2014 // nº 278/14 // 279/14. Demandante: D. XOÁN VÁZQUEZ CAO // Dª Mª ISABEL DOURADO VEIGA // D. JUAN CARLOS GONZÁLEZ FORTES. Obxecto: XGL 23.5.2014. Bases convocatoria policías municipais (límite de idade máxima).Inadmisibles os recursos por extemporaneidade.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

**3(27).-DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

A) UTE CASCO VELLO. EXPTE. 5077/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.01.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 9.01.14, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por UTE CASCO VELLO (Movexvial, S.L.-Demain, S.L.) no que se solicita a devolución da fianza de 19.160,98 euros, constituida para responder de obras de mellora do enramado viario das rúas Peñasco, San Xulian, San Bernardo e Xoanelo, lote 2, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*"Devolver a UTE CASCO VELLO (Movexvial, S.L.-Demain, S.L.) a fianza de 19.160,98 euros, constituida para responder de obras de mellora do enramado viario das rúas Peñasco, San Xulian, San Bernardo e Xoanelo, lote 2, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 3 de decembro de 2009, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e transcorrer-lo prazo de garantía."*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) UTE CASCO VELLO. EXPTE. 5076/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.01.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 9.01.14, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por UTE CASCO VELLO (Movexvial, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 32.721,29 euros constituida para responder das obras de mellora do entramado viario das rúas Ballesta, Gamboa, Fermín Penzol e Joaquín Yáñez, lote 1, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*"Devolver a MOVEXVIAL, S.L. a fianza de 32.721,29 euros constituida para responder das obras de mellora do entramado viario das rúas Ballesta, Gamboa, Fermín Penzol e Joaquín Yáñez, lote 1, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 3 de decembro de 2009, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e transcorrer-lo prazo de garantía."*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

C) SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A. EXPTE. 986/341.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.01.14, dáse conta do informe-proposta do 9.01.15, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o xefe da Oficina Administrativa de Contratación, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. no que se solicita a devolución das fianzas por importes de 1.940.-, 2.200.-, 2.228.-, 5.134,76.-, 8.109,68.-, 17.064,02.- e 27.570 euros, constituidas para responder de diversas prestacións de servizos de seguridade en dependencias municipais, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*"Devolver a SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. as fianzas por importes de 1.940.-, 2.200.-, 2.228.-, 5.134,76.-, 8.109,68.-, 17.064,02.- e 27.570 euros, constituidas para responder de diversas prestacións de servizos de seguridade en dependencias municipais, xa que foron executados conforme ás condicións dos pregos que rexeron as contratacións e por transcorrer-los prazos de garantía."*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

D) CIVIS GLOBAL S.L. 5075/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.01.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 9.01.14, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por CIVIS GLOBAL, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 167.754,11 euros, constituida para responder das obras de remodelación do eixo das rúas Elduayen e Paseo de Alfonso XII, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*"Devolver a CIVIS GLOBAL, S.L. a fianza de 167.754,11 euros, constituida para responder das obras de remodelación do eixo das rúas Elduayen e Paseo de Alfonso XII, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 3 de decembro de 2009, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e transcorrer-lo prazo de garantía."*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E) UTE ELIMINACIÓN BARRERAS ARQUITECTÓNICAS. EXPTE. 102963/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 7.01.14, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por MOVEXVIAL, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 84.685,59 euros constituida para responder das obras de eliminación de barreiras arquitectónicas en edificios municipais, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*Devolver a MOVEXVIAL, S.L. a fianza de 84685,59 euros, constituida para responder das obras de eliminación de barreiras arquitectónicas en edificios municipais, xa que as obras foron recibidas por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía."*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(28).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS, NO MES DE DECEMBRO DE 2014. EXPTE. 407/330.**

Mediante escrito de data 13.01.15, en cumprimento das instruccións da base 31ª das de execución do presuposto en vigor, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo da Área de Cultura, Festas e Museos, durante o mes de decembro de 2014, que son os seguintes:

| EXPTE | DATA | CONCEPTO | APLICACIÓN ORZAMEN-TA-RIA | Nº OPERA-CIÓN | IMPORTE | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 382/330 | 03/12/14 | CONTRATACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN MUSICAL DURANTE O MES DE DECEMBRO. | 33402260904 | 84264 | 5.000,00 € | XENÉRICO |

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

**5(29).-DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A RP3 VIGO S.L. CONSTITUÍDA POLO EVENTO DEPORTIVO SUBIDA AO CASTRO. EXPTE. 13737/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 9.01.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

*A entidade Singletrack Outdoor Sports solicitou o día 16 de decembro de 2014, a través do Rexistro Municipal (Doc: 140153301) a devolución de 4.000,00€ para responder a posibles danos no Monte do Castro con motivo da carreira celebrada o pasado 14 de decembro denominada SUBIDA AO CASTRO, a garantia solicitada devolverase a RP 3 VIGO (B 36803468), no nº de conta ES15 0131 88188727 1800 1051 tal e como se reflexa na solicitude.*

*O pasado 19 de novembroo de 2014, o Xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns emite informe no que di que por parte dese servizo non existe inconveniente a que se proceda a devolución da garantía, xa que non houbo danos nos espazos públicos utilizados, e conformado polo Interventor Xeral con informe de data 26 de decembro de 2014.*

*Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno local a adopción da seguinte PROPOSTA:*

*Autorizar a devolución da garantia de 4.000,00€ constituída por RP 3 VIGO (B 36803468), co nº de conta ES15 0131 88188727 1800 1051 , imposto polo servizo de Montes, Parques e Xardíns á Singletrack Outodoor Sports, para responder por posibles danos no Monte do Castro con motivo do evento deportivo denominado SUBIDA AO CASTRO celebrado o pasado 14 de decembro de 2014, xa que non houbo danos nos espazos utilizados.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(30).-PAGAMENTO DE DIETAS AOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES- DECEMBRO 2014. EXPTE. 16620/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o o informe de fiscalizaicón do 26.12.14, o informe xurídico do 9.01.15, dáse conta do informe-pñroposta do técnico do Servizo de Educación, do 18.12.14, conformado pola concelleira delegada de Educación e a concelleira-delegada de Facenda, que di o seguinte:

*Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/decembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que componen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro. Igualmente os Concellos, consonte co establecido no artigo 25.2.n) da Lei 27/2103 teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos colexios públicos, e a LOMCE tamén establece no seu artigo 80 entre as competencias do Consello Escolar de Centro a "promoción da conservación e renovación das instalacións escolares".*

*En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2014, aprobouse entre outros, o nomeamento de persoal adscrito ao Servizo de Educación do Concello de Vigo, como Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público non Universitario (Expte 15662/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS),para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B; e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio.*

*O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d)/ 7.1.a)/28.1 que : "Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos..."*
*Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.*

*Tamén recolle no seu artigo 2e) que : "O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica".*

*Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, dende o 02 de decembro ate o 16 de decembro dos correntes, elévanse á cantidade de 30 consellos escolares.*

*Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.*

*Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronolóxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.*

*Por todo o anteriormente exposto, <u>solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:</u>*

*"Aproba-la cantidade de 1.153,62.-€ (MIL CENTO CINCOENTA E TRES CON SESENTA E DOUS EUROS) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no mes de decembro de 2014, con cargo á Partida Presupostaria 3210.233.00.00 dietas representación en consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:*

*Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO A2*
*(02/12/2014) ....................................... 09 X 39,78.-€ ............................ 358,02.-€*

*Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C1*
*(02/12/2014 – 16/12/2014) .................. 06 X 36,72.-€ .......................... 220,32.-€*

*Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: 36.046.809-J, GRUPO A1*
*(02/12/2014 - 03/12/2014) .................. 06 X 39,78.-€ .......................... 238,68.-€*

*Zona 5.- BEATRIZ ALONSO ASENJO, NIF: 35.991.455-C, GRUPO A2*
*(02/12/2014) ....................................... 02 X 39,78.-€ ........................ 79,56 .-€*

*Zona 7.- ROCIO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: 36.058.643-W, GRUPO C1*
*(02/12/2014 - 09/12/14) .................... 07 X 36,72.-€ ......................... 257,04 .-€*

<u>Acordo</u>
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(31).-SEGUNDA PRÓRROGA DO NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS ADSCRITOS AO PROXECTO IMOS TRABALLAR 2. EXPTE. 11521/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 19.12.14, de fiscalización do 12.01.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 16.12.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Con data 22 de xullo de 2011 o "Ministerio de Política Territorial y Administraciónes Públicas" (BOE 1 de xullo de 2011) resolveu conceder unha axuda do Fondo Social Europeo, para o proxecto 615- Imos Traballar2 enmarcado dentro das axudas o Fondo Social Europeo previstas no eixo 2 do Programa Operativo "Adaptabilidade e Emprego", en concreto no referente a "Fomentar pactos, redes, asociacións e apoio ás iniciativas locais para o emprego e a inclusión social, tendo en conta a perspectiva de xénero". A subvención máxima asignada foi de 1.330.317,50 euros sobre un orzamento de 1.662.896,87 euros, subvención que foi aceptada por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 8 de xullo de 2011.*

*Esta axuda foi obxecto dunha primeira ampliación por importe de 211.018,30 euros derivada do reparto de remanentes aprobado por Resolución da "Dirección General de Coordinación de*

*Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales", de data 5 de setembro de 2013 (BOE 222 do 16 de setembro), e foi aceptada por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de outubro de 2013. A Resolución fixa no apartado sexto o período de execución do proxecto, entendendo como tal o de elixibilidade dos gastos efectivamente pagados, que será o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2015.*

*Na sesión do 7 de novembro de 2014, a Xunta de Goberno Local acordou aceptar unha segunda ampliación da subvención por importe de 9.224,28 euros por un novo reparto de remanentes aprobado por Resolución da "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales" de 15 de outubro de 2014 (BOE 255 de 21 de outubro). Esta mesma Resolución, contempla no apartado segundo, que a nova axuda así como os remanentes xerados no propio proxecto, destinaranse a complementar as actuacións programadas.*

*Aceptadas as modificacións anteriores, o gasto total elixible do proxecto ascende a 1.938.200,10 euros sendo o 80% subvencionado polo FSE (1.550.560,08€) e o 20% restante (387.640,02€) de achega municipal.*

*Funcionarios interinos adscritos ao proxecto:*

*Para a execución deste programa de carácter temporal a Xunta de Goberno Local de 29 de xuño de 2012 (Expte. 8882/77) acordou o nomeamento de tres funcionarios interinos (director, técnica de xestión económica e auxiliar administrativa) ata o 30 de xuño de 2014, segundo as bases de selección para estes postos aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 24 de febreiro de 2012, de conformidade co disposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do EBEP.*

*Con motivo da primeira ampliación da subvención descrita anteriormente A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 11 de abril de 2014 (Expte. 10823/77), acordou unha primeira prórroga do nomeamento dos funcionarios interinos adscritos ao programa Imos Traballar2 desde o 1 de xullo de 2014 hasta 28 de febreiro de 2015, data prevista de finalización do programa unha vez rematadas as actividades con cargo ao incremento da axuda.*

*A aceptación da segunda aplicación de remanentes por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2014 implica novamente a ampliación das accións a desenvolver e dos prazos de execución do proxecto que terá data límite o 30 de setembro de 2015.*

*Polo que antecede o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, tendo en conta que o Concello de Vigo aporta o 20% de financiamento municipal con gastos de persoal, quere propoñer unha segunda prórroga do nomeamento dos tres funcionarios interinos que de seguido se relacionan adscritos o proxecto Imos*

*Traballar2, durante o período de 1 de marzo ata 30 de setembro de 2015, data límite de execución do proxecto.*

| *Categoría/posto* | *DNI* | *Apelidos e Nome* | *Gru-po* | *Comple-men-to de destino* | *Complemento específico* |
|---|---|---|---|---|---|
| *Director* | *36035563Z* | *López Rodríguez, José* | *A2* | *26* | *670* |
| *Técnica Xest. Econó-mica* | *78732585C* | *Bértolo Vieitez, Mª Teresa* | *A2* | *25* | *690* |
| *Aux. Administrativa* | *36164915Z* | *Marcuño Ramos Ainhoa* | *C2* | *16* | *166* |

*Dita prórroga farase de conformidade co disposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do EBEP, e non finalizando a causa que deu lugar ó seus nomeamentos, dacordo co art. 10 apart. 3 e tendo en conta que se trata dun programa financiado nun 80% con Fondos Europeos, que a prórroga non excede a duración máxima da execución do programa nin o período máximo de financiamento e elixibilidade dos gastos e que existe na partida 1.- Custos de Persoal do proxecto orzamento suficiente para facer fronte a este gasto.*

*Os custos da prórroga dos funcionarios interinos do proxecto Imos Traballar desde o 1 de marzo a 30 de setembro ascenderán a 76.637.66 euros co seguinte desglose:*

| Custos Totais da prorroga dos funcionarios interinos de Imos Traballar de 01/03/ 015 a 30/09/2015 | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Categoría/ posto | GRUPO/CD/CE | Salario mes | Prorra-ta P. ex-tras | Imp. bruto mes | Base de coti-za-ción | Tipo co-tiz | CNAE/ Grupo e Cód. Ocup. | % Coti-zac. | SS em-pres | Custo /mes | Me-ses | Total pos-to | Salarios | S.social |
| Director | A2-26-670 | 3001,94 | 457,06 | 3.459,00 | 3.459 | 2 | 8411/a | 31,9 | 1.103,42 | 4.562,42 | 7,00 | 31.936,95 | 24.213,00 | 7.723,95 |
| Técnica Xest. Eco-nómica | A2-25-690 | 2651,48 | 398,66 | 3.050,14 | 3.050 | 2 | 8411/a | 31,9 | 972,99 | 4.023,13 | 7,00 | 28.161,91 | 21.350,96 | 6.810,96 |
| Aux. Admi-nistra-tiva | C2-16-166 | 1536,15 | 255,12 | 1.791,27 | 1.791 | 7 | 8411/a | 31,9 | 571,42 | 2.362,69 | 7,00 | 16.538,80 | 12.538,89 | 3.999,91 |
| Custos Totais | | | | | | | | | | | | 76.637,66 | 58.102,85 | 18.534,81 |

*Con respecto ao financiamento fago as seguintes observacións:*

*Para facer fronte a este gasto hai remanentes procedentes dos reaxustes de partidas orzamentarias realizadas polo servizo nas anualidades 2012, 2013 e 2014 (MC 6/12,MC3/13 C MC3/14) e así mesmo existe no propio proxecto na partida 1.- Gastos de Persoal , orzamento suficiente.*

*O Servizo de Emprego tramitará crédito para a anualidade 2015 dentro do capítulo I por importe de 76.637.66 euros euros nas seguintes aplicacións orzamentarias*

| Aplicacións orzamentaria con alta a créditos | | |
|---|---|---|
| 2410 1310003 | Gastos de Persoal Imos Traballar 2 | 58.102,85 |
| 2410 1600003 | Seguridade social Imos traballar 2 | 18.534,81 |
| TOTAL | | 76.637,66 |

*Competencia sobre a proposta de Gasto:*

*As actividades véñense realizando desde o ano 2012.*
*O programa ten como principais obxectivos ofrecer orientación e formación persoalizada aos/as demandantes de emprego co fin de favorecer as súas posibilidades de inserción laboral, mellorar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a loita contra a exclusión social, a capacidade empresarial, a capacidade de adaptación á sociedade de información e o respecto ao medio ambiente.*
*Polo que antecede, o proxecto desenvólvese ao amparo do artigo 3.3 apartados b) e d) da lei 5/2014, de 27 de maio, de Medidas Urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de*

*27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, que dispón que non se entenderán como exercicio de novas competencias:*

*b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.*

*d) A concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e mais outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 de Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención.*

*PROPOSTA*

*Polo anteriormente exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro. Autorizar o gasto para facer fronte a prórroga dos funcionarios interinos adscritos ao proxecto Imos Traballar2 desde 1 de marzo de 2015 ata o 30 de setembro de 2015, por un importe total de 76.637,66 euros*

*Segundo. O Servizo de Emprego tramitará crédito para a anualidade 2015 dentro do capítulo I por importe de 76.637,66 euros nas seguintes aplicacións orzamentarias*
*Aplicacións orzamentarias:*
*2410 1310003 Gastos de Persoal Imos Traballar 2 58.102,85 €*
*2410 1600003 Seguridade social Imos Traballar 2 18.534,81 €*

*Terceiro. Acordar, dada a ampliación das actividades e do período de execución do proxecto Imos Traballar2 e o aumento da subvención derivada do segundo reparto de remanentes aprobado por Resolución da "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales" de 15 de outubro de 2014 (BOE 255 de 21 de outubro), ampliación aceptada por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2014, unha segunda prórroga do nomeamento dos funcionarios interinos que de seguido se relacionan desde o 1 de marzo de 2015 ata o 30 de setembro de 2015.*

| Categoría/posto | DNI | Apelidos e Nome | Grupo | Complemento de destino | Complemento específico |
|---|---|---|---|---|---|
| Director | 36035563Z | López Rodríguez, José | A2 | 26 | 670 |
| Técnica Xest. Económica | 78732585C | Bértolo Vieitez, Mª Teresa | A2 | 25 | 690 |
| Aux. Administrativa | 36164915Z | Marcuño Ramos Ainhoa | C2 | 16 | 166 |

*Cuarto. Dita prórroga farase de conformidade co disposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do EBEP, e non finalizando a causa que deu lugar ó seus nomeamentos, dacordo co art. 10 apart. 3 e tendo en conta que se trata dun programa financiado nun 80% con Fondos Europeos, que a prórroga non sobrepasa a duraciòn máxima da execución do programa nin o periodo máximo de financiación e elexibilidade dos gastos, que existe na partida 1.- Custos de Persoal do proxecto orzamento suficiente para facer fronte a este gasto e continuara en vigor en canto se prorrogue a subvención, previa valoración e cumprimento das obrigas e da dispoñibilidade orzamentaria existente, asi ditos nomeamentos serán revocados ademáis polas*

*causas previstas no artigo 63 deo EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ó seus nomeamentos, dacordo co art. 10 apart. 3.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(32).-RESOLUCIÓN DE RECURSO CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL DE 8.10.14 DE OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO-EXERCICIO 2014. EXPTE. 11401/77.**
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.01.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 22.12.14, conformado polo concelleiro de emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

*Coa finalidade de dar resposta aos recursos presentados en tiempo e forma contra a resolución realizada pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 08/10/2014, que acordou:*

> *"SEGUNDO: CONCEDER, de conformidade co art. 23.3 da LSG, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4800000 "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario, por importe de 795.000,00 € (setecentos noventa e cinco mil euros)*

| TIPO I (VECIÑAIS – CULTURAIS) | | |
|---|---|---|
| NOME ENTIDADE | CIF | TOTAL RESOLUCIÓN |
| **A.V.V CALVARIO** | **G36648293** | **4.663,01 €** |
| **A.VV. PRAZA DA MIÑOCA** | **G36842284** | **3.431,77 €** |
| **A.V.C.D "SAN XURXO"** | **G36648988** | **8.447,44 €** |
| AVCU-CSCR DE BEADE | G36632081 | 25.642,16 € |
| ASOC. VECIÑAL CASCO VELLO | G36645885 | 16.138,42 € |
| AGRUP. CENTROS CULTURAIS DE VIGO | G36791291 | 30.842,32 € |
| C.C.V.D. VIGOCENTRO | G27762434 | 19.545,42 € |
| **ASOCIACIÓN CULTURAL BARRIO ALTO DO CASCO VELLO** | **G27800861** | **10.870,00 €** |
| **A.VV."O CARBALLO"SÁRDOMA** | **G36649325** | **3.234,06 €** |
| CENTRO SOCIOCULTURAL A.R. VALLADARES | G36617082 | 34.070,00 € |
| | | **156.884,61 €** |

| TIPO II (SOCIAIS - ASISTENCIAIS) | | |
|---|---|---|
| NOME ENTIDADE | CIF | TOTAL RESOLUCIÓN |
| **CLUB CICLISTA VIGUÉS** | **G36650885** | **7.019,64 €** |
| DOW VIGO: ASOC. PARA A SÍNDROME DE DOWN | G36697324 | 13.272,23 € |
| F.P.R. "EL OLIVO" | G36704666 | 4.655,65 € |
| FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR | G24452435 | 10.446,25 € |
| FUNDACIÓN LUIS TILVE | G15169949 | 12.977,29 € |
| FUNDACIÓN GALEGA DO METAL | G15864663 | 13.862,11 € |
| ASOC. DE BULIMIA E ANOREXIA DE PONTEVEDRA | G36835403 | 11.797,54 € |
| FUNDACIÓN IGUALARTE | G36427524 | 6.340,12 € |
| **FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN** | **G80468416** | **12.387,42 €** |
| COGAMI | G32115941 | 11.090,41 € |
| FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES Y ENFEF | G15545353 | 4.852,18 € |
| ASOCIACIÓN CÁRITAS DIOCESANA TUY-VIGO | R3600368 I | 9.800,00 € |
| ASOC. DE AYUDA AL ENFERMO MENTAL DOA | G36044295 | 5.253,85 € |
| ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA CULTURAL O FIADEIRO | G36812204 | 6.463,00 € |
| ASOCIACIÓN AUTISMO VIGO | G36849883 | 11.625,36 € |
| EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL | G20486825 | 12.387,42 € |
| SOCIEDADE GALEGA PARA A DIFUSIÓN E CONSERVACIÓN | G27762921 | 5.434,43 € |
| APAMP, ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PA | G36624120 | 18.876,06 € |
| FUNDACIÓN CIP | G15849318 | 12.977,29 € |
| ASOCIACIÓN XARUMA | G27746486 | 17.991,25 € |
| | | **209.509,49 €** |

| TIPO IV (ENTIDADES EMPRESARIAIS) | | |
|---|---|---|
| NOME ENTIDADE | CIF | TOTAL RESOLUCIÓN |
| A.T.R.A | G36614725 | 12.294,30 € |
| FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU | G27722883 | 39.203,33 € |
| AJEVIGO | G36905040 | 20.635,62 € |
| AETRAVI | G36847861 | 6.070,16 € |
| INSTALECTRA | G36640845 | 21.677,62 € |
| ASIME | G36614774 | 10.096,21 € |
| ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS MERCADO TRAVIESAS | G36712701 | 23.674,81 € |
| FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA | G36614907 | 40.000,00 € |
| ASOCIACIÓN GALLEGA DE EMPRENDEDORES (AGAEMP) | G27708379 | 11.952,66 € |
| ASETRANSPO | G36627719 | 18.001,20 € |
| | | 203.605,90 € |

| TIPO V (COMUNIDADES DE MONTES) | | |
|---|---|---|
| NOME ENTIDADE | CIF | TOTAL RESOLUCIÓN |
| MANCOMUNIDADE DE MONTES DE VIGO | V36840726 | 145.000,00 € |
| | | 145.000,00 € |

*TERCEIRO: Modificar os periodos de contratación e xornada laboral das solicitudes que non acadaron o 100% da súa solicitude:*

| TIPO I (VECIÑAIS - CULTURAIS) | INFORMACIÓN SOLICITUDE | | Redución do periodo de contratación | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| NOME ENTIDADE | Nº Traballadore | Categoria | Meses | Días | Xornada | Meses | Xornada |
| AVCU-CSCR DE BEADE | 1 | MONITOR TIEMPO LIBRE | 4,00 | | 50,00% | | |
| | 1 | AUX. ADMINISTRATIVO | 3,00 | | 75,00% | | |
| | 1 | OFICIAL DE 1ª | 5,00 | | 100,00% | | |
| | 1 | OFICIAL DE 1ª | 2,00 | | 100,00% | 1 | 75,00% |
| | 1 | AUXILIAR BIBLIOTECA | 5,00 | | 50,00% | | |
| TOTAL ASOCIACIÓN | | | | | | | |

| TIPO I (VECIÑAIS – CULTURAIS) | INFORMACIÓN SOLICITUDE | | Redución do periodo de contratación | |
|---|---|---|---|---|
| NOME ENTIDADE | Nº Traballadore | Categoria | Meses | Días |
| ASOC. VECIÑAL CASCO VELLO | 1 | OFICIAL ADMINISTRACIÓN | 3,79 | 113,82 |
| | 1 | TÈC. ANIMACIÓN SOC-C | 3,79 | 113,82 |
| TOTAL ASOCIACIÓN | | | | |
| AGRUP. CENTROS CULTURAIS DE VIGO | 2 | PERSOAL MANTEMENTO | 3,22 | 96,48 |
| | 4 | AUX. ADMINISTRATIVO | 3,22 | 96,48 |
| | 1 | AUX. ADMINISTRATIVO | 3,22 | 96,48 |
| | 1 | *DOCENTE* | 3,22 | 96,48 |
| TOTAL ASOCIACIÓN | | | | |
| C.C.V.D. VIGOCENTRO | 1 | MONITOR | 3,59 | 107,74 |
| | 2 | AUX. ADMINISTRATIVO | 3,59 | 107,74 |
| | 1 | OFICIAL ADMINISTRACIÓN | 3,59 | 107,74 |
| TOTAL ASOCIACIÓN | | | | |
| CENTRO SOCIOCULTURAL A.R. VALLADARES | 1 | AUX. ADMINISTRATIVO | 4,28 | 128,41 |
| | 1 | CONTABLE | 4,28 | 128,41 |
| | 1 | AUX. BIBLIOTECA | 4,28 | 128,41 |
| | 1 | AUX. LIMPIEZA | 4,28 | 128,41 |
| | 1 | AUX. TOPOGRAFÍA | 1,71 | 51,36 |
| | 1 | HISTORIADOR-XENEALOXISTA | 1,71 | 51,36 |
| | 1 | TRABALLADOR SOCIAL | 1,71 | 51,36 |
| | 1 | TÉCNICO ESPECIALISTA | 1,71 | 51,36 |
| | 1 | OPERARIO MANTENIMIENTO | 2,14 | 64,20 |
| TOTAL ASOCIACIÓN | | | | |

| TIPO II (SOCIAIS - ASISTENCIAIS) | INFORMACIÓN SOLICITUDE | | Redución do periodo de contratación | |
|---|---|---|---|---|
| NOME ENTIDADE | Nº Traballadore | Categoria | Meses | Días |
| DOW VIGO: ASOC. PARA A SÍNDROME DE DOWN | 2 | T.G.M. | 3,26 | 97,71 |
| TOTAL ASOCIACIÓN | | | | |
| FUNDACIÓN LUIS TILVE | 2 | TECNICO MEDIO | 2,54 | 76,23 |
| TOTAL ASOCIACIÓN | | | | |
| FUNDACIÓN GALEGA DO METAL | 1 | LICENCIADO | 2,54 | 76,23 |
| | 1 | LICENCIADO | 2,54 | 76,23 |
| | 1 | LICENCIADO | 2,54 | 76,23 |
| TOTAL ASOCIACIÓN | | | | |
| ASOC. DE BULIMIA E ANOREXIA DE PONTEVEDRA | 1 | LIC. PSICOLOGÍA | 1,97 | 58,99 |
| | 1 | RECEPCIONISTA | 1,97 | 58,99 |
| TOTAL ASOCIACIÓN | | | | |
| **FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN** | **1** | **TEC. DE FORMACIÓN** | **2,87** | **86,21** |
| | 1 | TEC. DE FORMACIÓN | 2,16 | 64,66 |
| TOTAL ASOCIACIÓN | | | | |
| EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL | 1 | TEC. MEDIO | 3,89 | 116,67 |
| | 1 | TEC. MEDIO – RESPONSABLE | 3,89 | 116,67 |
| TOTAL ASOCIACIÓN | | | | |
| APAMP, ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CE | 3 | COIDADOR | 3,24 | 97,28 |
| | 1 | OFICIAL DE 1ª ADMINISTRATIVO | 3,24 | 97,28 |
| TOTAL ASOCIACIÓN | | | | |
| ASOCIACIÓN XARUMA | 1 | TRABALLADOR SOCIAL | 4,71 | 141,35 |
| | 1 | MONITOR/ANIMADOR | 4,71 | 141,35 |
| | 1 | MONITOR/ANIMADOR | 4,71 | 141,35 |
| | 1 | EDUCADOR MEDIAMBIENTAL | 1,88 | 56,54 |
| | 1 | AUXILIAR | 1,88 | 56,54 |
| TOTAL ASOCIACIÓN | | | | |

*Con data 10/1/2014, de procedeu a notificar a resolución á Fundación Laboral de la Construcción, conforme establecen ás bases da convocatoria, e se publicou na páxina web municipal*

*(www.vigo.org), iniciando o prazo de presentación de reclamacións de conformidade ao establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administraciós Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*Con data 10/11/2014 a Fundación Laboral de la Construcción, co número de rexistro 140136818, ten presentado recurso de reposición contra o acordo de resolución realizada pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 08/10/2014, na que se lle concedía a seguinte axuda:*

- *Importe da axuda: 12.387,42 €*
- *Contratacións subvencionadas:*
    - *1 Técnico de Formación 2,87 meses*
    - *1 Técnico de Formación 2,16 meses*

*No recurso presentado a Fundación Laboral de la Construcción, aduce a unha suposta indefensión, e solicita:*

*–"...*
*–a anulación da resolución e se proceda a notificar nova resolución na que se modifique o tempo establecido de contrato para o técnico que se contrata en primeiro lugar, e reducindo o periodo de contratación para o segundo técnico, cuxa selección se realiza unha vez notificada a resolución da subvención.*

*–Que a resolución que se deberá emitir polo Concello de Vigo para resultar viable súa execución, non poderá facer referencia aos tempos de contratación de cada un dos técnicos subvencionado, procedendo unicamente a indicar o importe subvencionado e o número de técnicos así mesmo subvencionados".*

*Conforme ao recurso planxado, as "Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o Fomento do Emprego de entidades sin ánimo de lucro", correspondentes ao ano 2014, establecen:*

- *Na claúsula "DÉCIMO PRIMEIRA.- PROCEDEMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA", apartado "7- O órgano instrutor poderá modificar á baixa o periodo de contratación solicitado e/ou o número máximo de traballadores e traballadoras que se vaian subvencionar, segundo entenda xustificado adecuadamente o obxecto e necesidade do proxecto, así como as funcións que van levar a cabo as mesmas.*
